

VIAXEIROS

ANIMAIS EXTRAORDINARIOS

Texto de XULIO GUTIÉRREZ

Ilustracións de NICOLÁS FERNÁNDEZ

Tradución de CHEMA HERAS

Encadernado en cartonné. 24 x 34 cm. 32 páx. 16 €.

Viaxeiros. Animais extraordinarios (galego)
ISBN 978-84-16721-38-2. Ciencia. Faktoría K de Libros.

Viajeros. Animales extraordinarios (castelán)
ISBN 978-84-16721-39-9. Ciencia. Faktoría K de Libros.


Viajantes. Animais extraordinários (portugués)
ISBN 978-989-99583-9-5. Ciências. Faktoría K de Livros.

*A meirande parte dos animais son sedentarios:
viven sempre no mesmo sitio ou fan desprazamentos curtos.
Pero a lenta evolución dos continentes, os cambios
Do clima e as transformacións do contorno levan
a moitas especies a viaxar para sobrevivir...*

Este libro permite acompañar os animais que -por terra, mar e aire- realizan as viaxes máis longas e arriscadas. Uns realizan travesías de milleiros de quilómetros, atravesando continentes e océanos, entre onde pasan o inverno e a súa residencia de verán, ou dende as zonas de cría ás de alimentación. Outros fan traxectos curtos pero expoñéndose a toda clase de perigos e vicisitudes. Estes desprazamentos son asombrosas aventuras que poñen a proba a resistencia de cada criatura, a súa obstinada determinación e capacidade de orientación. Todas perseguen o mesmo: procurar sustento aló onde poidan, enfrontarse aos competidores, defenderse das adversidades da contorna... ¡Sobrevivir! Malia que, en moitos casos, as migracións dos animais salvaxes teñen un elevado custo en vidas.

“Viaxeiros” reúne a experiencia migratoria dunha ducia de especies que responden á chamada atávica da natureza: dende a carreira temeraria do lemming ata a parsimonia da tartaruga boba, pasando pola heroica remontada do salmón ou a nube colorida que forman as bolboretas monarca.

Coa *Árbore da vida* como punto de partida, esta obra científica presenta un esquema dos principais grupos do Reino Animal para centrarse nos protagonistas: localización no mundo, hábitat, habilidades físicas... Por último, incorpora fichas técnicas con curiosidades e o seu nivel de conservación no planeta. Este sexto título da serie *Animais Extraordinarios* segue abraíando non só pola información asequible e interesante que ofrece, senón tamén polas súas espectaculares ilustracións naturalistas.



- **Temática:** libro de animais e natureza.
- **Idade recomendada:** a partir de 7 anos.
- **Aspectos destacables:** da serie *Animais Extraordinarios*, xunto con “[Bocas](#)”, “[Nacer](#)”, “[Construtores](#)”, “[Ocultos](#)” e “[Ollos](#)”; ilustracións de gran realismo; textos asequibles para todas as idades; descrición de cada animal, información da súa vida, hábitat e estado de conservación; contén anexo con fichas de cada un e glosario; lista de especies: lemming, bisonte americano, ñu azul, carrán ártico, andoriña, tartaruga boba, sardiña sudafricana, salmón atlántico, tiburón balea, formiga lexionaria, bolboretta monarca, cangrexo vermello.
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/viaxeiros-g>

Xulio Gutiérrez

(Vigo, 1958)

Licenciado en Bioloxía pola Universidade de Santiago, foi profesor de Ensino Secundario. Está vencellado a movementos de renovación pedagóxica e forma parte da Sociedade Galega de Educación Ambiental, Ensinantes de Ciencias de Galicia (ENCIGA) e Nova Escola Galega. É autor de máis dunha vintena de libros sobre natureza e numerosos artigos en revistas especializadas.

<https://xuliogutierrez.wordpress.com>

Nicolás Fernández

(Madrid, 1965)

Ilustrador autodidacta afincado na Coruña. A maioría das súas obras son acuarelas e bosquexos de fauna e de flora, especialmente aves. É autor de varias publicacións, ademais de traballar como ilustrador para organismos oficiais, xornais, enciclopedias, libros e revistas. Os seus traballos expuxéronse en salas de toda España. Compaxina a súa faceta como ilustrador co deseño gráfico e multimedia nunha empresa de xestión ambiental.

www.ilustracionesnaturaleza.com

www. **kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com